

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 8 DE XANEIRO DE 2019.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día oito de xaneiro de dous mil dezanove; as once horas da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro , Don Javier Iglesias Sendín, Dona María López Touza

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinteseite de decembro do dous mil dezaoto (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Denegación de licenza de parcelación 2624/2018 RIB / C/72/18

Visto o escrito presentado por **Don José Luis Fernández Dieguez** onde solicita Licenza para “ PROXECTO DE REPARCELACIÓN DUNHAS PARCELAS LOCALIZADAS NO LUGAR DE VENTOSELA” ,redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Don Jesús Bernal Touza , visado nº 2018/00260 de data 12 de decembro de 2018.

Visto o informe emitido pola arquitecta municipal de data 27 de decembro de 2018 no que se indica:

“ Quinto : As parcelas resultantes teñen unha edificabilidade superior ao 0,5 m2/m2 fixado na Ordenanza SU/NR :Suelo urbano en núcleos rurales , polo tanto non cumpren coas condicións das NNSSPM.

Conclusión: As parcelas non cumpren os parámetros mínimos urbanísticos en canto a edificabilidade.Polo que se informa desfavorablemente á concesión de Licenza segundo o Proxecto de Reparcelación dunhas parcelas localizadas no lugar de Ventosela no municipio de Ribadavia, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D Jesús Bernal Touza”

O citado informe incorpórase como motivación ao presente acordo, aos efectos previstos no artigo 88.6 da LPACAP, e copia do mesmo dárase traslado ao interesado

A Xunta de Goberno Local acorda :

Denegar a licenza solicitada por don José Luis Fernández Dieguez para “ PROXECTO DE REPARCELACIÓN DUNHAS PARCELAS LOCALIZADAS NO LUGAR DE VENTOSELA” proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Don Jesús Bernal Touza , visado nº 2018/00260 de data 12 de decembro de 2018.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A xunta de goberno local toma coñecemento dos seguintes:

-Sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Ourense de 19 de decembro de 2018 desestimando o recurso contencioso administrativo interposto por Don Alexandro Alvarez Valeiras contra a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto o 19 de outubro de 2017, contra a liquidación do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

-Remisión de acordo do pleno da Deputación Provincial relativo á reprobación do presidente da Fegamp.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

Solicitud de subvención ao abeiro da Orde do 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprox rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2019.

Vista a Orde do 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprox rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2019.

A xunta de goberno local, por unanimidade , acorda:

-Aprobar os proxectos de obras ou servizos denominados Grupo de limpeza de montes, para a Axuda Aprox Rural 2019.

-Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a subvención para a contratación de traballadores desempregados na realización da mencionada obra ou servizo.

-Dase conta do Decreto de alcaldía de data 2 de xaneiro de 2019 aprobando a oferta de emprego público que inclúe dúas prazas de axente da policía local pertencente á escala de Administración Especial, subescala servizos especiais e clase de Policía Local en quenda libre.

TOMA COÑECEMENTO DE EXPEDIENTE DE XERACION DE CREDITOS Nº 23/18.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación e toma coñecemento da aprobación con data 28.12.2018, do expediente de xeración de créditos nº23/18, de acordo co seguinte teor:

“XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº23/18.-

“Esta Alcaldía presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº23/18, por importe de 2.706,66 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

Convocatoria de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro para a organización de eventos físico-deportivos no 2018

Visto o informe emitido polo Director do Servizo Municipal de Deportes de data 7 de xaneiro de 2019 no que indica “ que os xustificantes de gasto presentado polas entidades beneficiarias cumpren co recollido nas bases da convocatoria axuntándose aos gastos subvencionables... polo que procede o pagamento das cantidades concedidas e xustificadas , según resolución definitiva aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 27 de decembro de 2018:

Evento	Entidade	Subvención
2º ruta btt de Ribadavia	C C Riders do Ribeiro	584,8 €
III Torneo Minibalonman na rua	C Balonman Ribadavia	722,4
III Campus Ribeiro 2018	Ribeiro FC	688 €
VII Trofeo Internacional Capital do Ribeiro de Karate	C Mizukami Karate	1204 €
Fase de ascenso 1ª Nacional Masc de Balonman	ADC Ribeiro	791,2€

A xunta de goberno local ,por unanimidade, acorda proceder o pago das devanditas cantidades.

Adjudicación do contrato de suministro de material para o servizo eléctrico e de vías e obras do concello de Ribadavia

Considerando que con fecha de 26 de diciembre de 2018 la Mesa de Contratación del acordó:

“ACTA DE VALORACIÓN DE OFERTAS DEL “ CONTRATO DE SUMINISTRO DE MATERIAL PARA EL SERVICIO ELÉCTRICO Y DE VÍAS Y OBRAS DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA POR PROCEDIMIENTO ABIERTO SIMPLIFICADO”

En Ribadavia el día 26 de diciembre de 2018 a las once horas se constituye la Mesa de contratación del “ Contrato de suministro de material para el servicio eléctrico y de vías y obras del ayuntamiento de Ribadavia por procedimiento abierto simplificado” integrado por Francisco Fernández Castro, don Luis Pérez Díaz, don Rafael Martínez Cid, don José Manuel Taboada Madarnas, don José Manuel Otero Pérez y doña Julia Mosquera Vázquez.

Se presenta una única oferta por la empresa Instalaciones Amando SL, ajustándose la proposición en la forma y en el fondo a los requisitos exigidos en los pliegos con lo cual se formula propuesta de adjudicación a favor de dicha empresa.

La oferta económica se ajusta al formato del anexo I.

El plazo de entrega ofertado es de 0,5 horas.

Las mejoras ofertadas son:

Asistencia técnica gratuita de un instalador electricista autorizado en baja tensión en la categoría especialista, para legalización de posibles instalaciones futuras.

Suministro, sin cargo, de 20 luminarias Cheap Vial Led de 50 W 6500 k, valoradas en 100€ud.”

En cumplimiento de lo previsto en la cláusula Decimosexta del pliego:

-Requerir a Instalaciones Amando SI, empresa propuesta como adjudicataria. para que en el plazo de siete días hábiles a partir de la recepción de la notificación de la presente, constituya la garantía definitiva por importe de 2.066,11 euros, en cualquiera de las formas indicadas en la Cláusula Decimoséptima del pliego de cláusulas administrativas particulares del contrato.

Considerando que se constituyó la garantía requerida.

Visto el artículo 159.4 de la Ley 9/2017 de contratos del sector público y la Cláusula 18ª del pliego de cláusulas administrativas particulares que rigen la contratación.

La Junta de Gobierno Local acuerda:

1º Adjudicar el CONTRATO DE SUMINISTRO DE MATERIAL PARA EL SERVICIO ELÉCTRICO Y DE VÍAS Y OBRAS DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA POR PROCEDIMIENTO ABIERTO SIMPLIFICADO a Instalaciones Amando SL.

2º Publicar anuncio de adjudicación en el perfil del contratante en plazo de quince días.

3º Notificar la presente adjudicación a Instalaciones Amando SL y citarle para la firma del contrato que tendrá lugar el día 14 de enero en horario de mañana.

Contrato menor de subministro de materiais e productos de limpeza para as instalacións deportivas dependentes do Consello Municipal de Deportes...

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 3 de decembro de 2018:

Considerando que o vindeiro 31 de decembro de 2018 remata o contrato de subministro de materiais e productos de limpeza das instalacións dependentes do Consello Municipal de Deportes.

De conformidade co establecido no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público ,queda acreditado que non existen medios materiais no concello para proveer o necesario.

En exercicio de competencia delegada nesta Xunta de goberno por Decreto de Alcaldía de 15 de xuño de 2016.

Vista a Lei 9/2017 de contratos do sector Público:

118.1 Se consideran contratos menores os de valor estimado inferior a 40.000 euros , cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministros ou de servizos. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Asemade, se requirirá a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que establezcan as normas de desenvolvemento de esta lei.

118.3 No expediente xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación de regras xerais de contratación , e que o contratista non teña subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro de este artigo, O órgano de contratación comprobará o cumprimento de esta regra.

118.4 Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.

131.3 Os contratos menores poden adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.

29.8 Os contratos menores non poden ter unha duración superior ao ano nin ser prorrogados.

16.1 Son contratos de subministro os que teñen por obxecto a adquisición, arrendamento financeiro ,ou o arrendamento , con o sen opción de compra de produtos ou bens mobles.

Considerando que nos contratos menores é admisible a solicitude de ofertas , a título de exemplo, Informe 1/2018 de 20 de abril sobre límites á contratación menor na Lei de Contratos do Sector Público da Xunta Consultiva da Generalitat de Catalunya “ o feito de dar publicidade aos contratos menores ou de solicitar ofertas a un número determinado de empresas non impide que si se trata dun contrato menor lle resulten de aplicación todas as limitacións que establece a Lei de Contratos do Sector Público”

Aprobar o prego de prescripcóns técnicas.

Aprobar o gasto por importe de 3.500 €, IVE engadido.

Solicitar oferta a, alomenos, tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato.

Considerando que se remitiu invitación a formular oferta ás empresas : Darlim SL, Tesis Galicia SL, Irago Exclusivas y Distribuciones SA e Jofinsa SL.

Considerando que se presentou oferta polas empresas: : Darlim SL, Tesis Galicia SL e Irago Exclusivas y Distribuciones SA.

Visto o informe técnico emitido polo Director do Servizo Municipal de Deportes de data 8 de xaneiro de 2019 no que se outorgan as seguintes puntuacións:

DARLIM SL	94,2
TESIS GALICIA SL	98,7
IRAGO SOLUCIONES GLOBALES DE HIGIENE SA	191,6

O citado informe incorpórase como motivación ao presente acordo aos efectos previstos no artigo 88.6 da Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas e copia do mesmo dárase traslado aos interesados.

Considerando que no presente exercicio orzamentario, non se ten subscrito ningún contrato con este obxecto coa empresa Irago Soluciones Globales de Higiene SA.

Contratar con Irago Soluciones Globales de Higiene SA o contrato menor de subministro de materiais e productos de limpeza para as instalacións deportivas dependentes do Consello Municipal de Deportes, nos termos que resultan da oferta presentada con rexistro de entrada no concello 5722 de 14 de decembro de 2018.

Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data.

Contrato menor de subministro de pellets e mantemento integral da caldeira de biomasa instalada no Centro Deportivo Municipal O Consello.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 3 de decembro de 2018 :

Considerando que o vindeiro 31 de xaneiro de 2019 rematan os contratos de subministro de biomasa combustible en forma de pellets e o de mantemento da caldeira de biomasa mais o sistema de calefacción e AQS

Considerando que para acadar a maior racionalidade e control , tendo en conta a experiencia e as carencias detectadas dende a entrada en funcionamento da caldeira de biomasa o ano 2014, en substitución da caldeira de gasoil.

De conformidade co establecido no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público ,queda acreditado que non existen medios materiais no concello para proveer o necesario.

En exercicio de competencia delegada nesta Xunta de goberno por Decreto de Alcaldía de 15 de xuño de 2016.

Vista a Lei 9/2017 de contratos do sector Público:

118.1 Se consideran contratos menores os de valor estimado inferior a 40.000 euros , cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministros ou de servizos. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Asemade, se requirirá a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que establezcan as normas de desenvolvemento de esta lei.

118.3 No expediente xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación de regras xerais de contratación , e que o contratista non teña subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro de este artigo, O órgano de contratación comprobará o cumprimento de esta regra.

118.4 Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.

131.3 Os contratos menores poden adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.

29.8 Os contratos menores non poden ter unha duración superior ao ano nin ser prorrogados.

16.1 Son contratos de subministro os que teñen por obxecto a adquisición, arrendamento financeiro ,ou o arrendamento , con o sen opción de compra de produtos ou bens mobles.

17 Son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenrolo dunha actividade ou dirixidas a obtención dun resultado distinto dunha obra ou dun subministro, incluíndo aqueles en que o adxudicatario se obrigue a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario.

18.1 Entenderase por contrato mixto aquel que conteña prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase.

Para a determinación das normas que rexerán a adxudicación dos contratos mixtos cuxo obxecto conteña prestacións de varios contratos regulados nesta lei, estarase as seguintes regras.

A)Cando un contrato mixto comprenda prestacións propias de dous o máis contratos de obras, subministros ou servizos atenderase o carácter da prestación principal.

Considerando que nos contratos menores é admisible a solicitude de ofertas , a título de exemplo, Informe 1/2018 de 20 de abril sobre límites á contratación menor na Lei de Contratos do Sector Público da Xunta Consultiva da Generalitat de Catalunya “ o feito de dar publicidade aos contratos menores ou de solicitar ofertas a un número determinado de empresas non impide que si se trata dun contrato menor lle resulten de aplicación todas as limitacións que establece a Lei de Contratos do Sector Público”

Aprobar o prego de prescripcóns técnicas.

Aprobar o gasto por importe de 18.000 €, IVE engadido.

Solicitar oferta a, alomenos, tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato.

Considerando que se remitiu invitación a formular oferta ás empresas : Grupo Antolín Instalaciones SL, Lignus Pellets de Galicia Gestcalor, Enol Vitis Ferretería SLU, Pellets y Virutas de Galicia SL.

Considerando que se presentou oferta polas empresas: : Grupo Antolín Instalaciones SL, Lignus Pellets de Galicia Gestcalor, Enol Vitis Ferretería SLU,

Visto o informe técnico emitido polo Director do Servizo Municipal de Deportes de data 8 de xaneiro de 2019 no que se outorgan as seguintes puntuacións:

GRUPO ANTOLÍN SOLUCIONES SL 79,485444362

LIGNUS PELLETS GESCALOR SL 80,34607438

ENOL VITIS FERRETERÍA SLU

67,01401365

O citado informe incorpórase como motivación ao presente acordo aos efectos previstos no artigo 88.6 da Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas e copia do mesmo dárase traslado aos interesados.

Considerando que no presente exercicio orzamentario, non se ten subscrito ningún contrato con este obxecto coa empresa LIGNUS PELLETS DE GALICIA GESCALOR SL.

Contratar con LIGNUS PELLETS DE GALICIA GESCALOR SL o contrato de subministro de pellets e mantemento integral da caldeira de biomasa instalada no Centro Deportivo Municipal O Consello., nos termos que resultan da oferta presentada con rexistro de entrada no concello 5716 de 12 de decembro de 2018.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as once horas e dez minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE